

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES POR PARTE DO ALUMNADO DO GRAO DE CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE.

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril (BOE de 28 de abril de 1981), a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), competencia que é desenvolvida pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG de 13 de abril).

Nesta liña, no artigo 5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG de 13 de abril) especifícase que consonte a competencia exclusiva establecida no artigo 27.22 do Estatuto de autonomía de Galicia, correspóndelle á Administración autonómica o exercicio das seguintes competencias: n) promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar, e fomentar e coordinar as actividades deportivas entre as universidades galegas, sen detrimento das competencias destas na actividade deportiva; ñ) promover e impulsar, en colaboración coas universidades e outras entidades e administracións, a investigación no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte; o) ordenar e organizar as ensinanzas deportivas, así como a expedición dos correspondentes títulos que as acrediten, sen prexuízo das competencias do Estado e das universidades nestas materias; p) promover, en colaboración coas universidades, con outras entidades e administracións e coas propias entidades deportivas, a atención médica e o control sanitario dos deportistas.

Asemade, o artigo 26 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia do DOG de 13 de abril especifica que a Administración deportiva da Comunidade Autónoma colaborará coas universidades radicadas en Galicia nas actividades de fomento e promoción da actividade física e do deporte, así como na organización e realización de actividades deportivas non encadradas en competicións oficiais.

De conformidade co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a competente para o desenvolvemento da política deportiva de Galicia, e de conformidade do art 15, f) do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, “En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, corresponderalle coordinar e supervisar o seu funcionamento e prestarlles a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade”.

O obxecto deste convenio de cooperación educativa coa Universidade de Vigo é complementar a formación teórica do alumnado universitario do Grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte da dita universidade mediante prácticas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en tanto que centro de referencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito do rendemento e tecnificación dos deportistas galegos.



As partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, alcanzando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral. Co Convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimite as garantías recíprocas do alumnado e da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no desenvolvemento do período de prácticas, e o réxime no que estas vanse desenvolver. Así, na cláusula primeira se establece como obxecto do convenio que este “Ten por obxecto a formalización dun convenio de cooperación educativa polo que os estudantes matriculados en ensinos conducentes á obtención dun título oficial de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte na Universidade de Vigo poidan realizar prácticas curriculares nas instalacións do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (en adiante CGTD) adscrito á Consellería, co fin de completar a súa educación universitaria”.

No restante clausulado establécese e delimítase o réxime aplicable a dita colaboración entre as dúas partes.

O convenio non leva asignada aportación económica, todo vez que non leva asociado gasto por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e no texto establece o prazo de vixencia de 4 anos dende a sinatura do mesmo. Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por de mútuo acordo poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Plans e Programas

Belia Méndez Rial

(documento asinado dixitalmente)

